

**PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN DE GRUPOS
VULNERABLES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

24 de setembro de 2021 (Rev. V05)

VALORACIÓN DO PERSOAL INCLUÍDO NOS GRUPOS VULNERABLES

1. INTRODUCCIÓN

De acordo co «Procedimiento de Actuación para los Servicios de Prevención de Riesgos Laborales frente a la Exposición al SARS- CoV-2» publicado polo Ministerio de Sanidade (versión do 16 de xullo de 2021): O servizo sanitario do servizo de prevención da Universidade de Vigo debe avaliar a presenza de persoal traballador especialmente sensible en relación coa infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección. Para iso, terá en conta a existencia ou inexistencia dunhas condicións que permitan realizar o traballo sen elevar o risco propio da condición de saúde da persoa traballadora.

O Ministerio de Sanidad, coa evidencia científica dispoñible en maio de 2021, definiu como grupos vulnerables para COVID-19 ás persoas que padezan algunha das patoloxías ou situación seguintes::

- Enfermidade cardiovascular incluída hipertensión.
- Enfermidade pulmonar crónica.
- Diabetes.
- Insuficiencia renal crónica.
- Inmunodepresión¹.
- Cancro en fase de tratamento activo.
- Enfermidade hepática crónica severa.
- Obesidade mórbida (IMC>40).
- Embarazo.
- Maiores de 60 anos.

2. DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO

- 2.1. As persoas incluídas nalgún dos grupos vulnerables definidos polo Ministerio de Sanidad deberán realizar a notificación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, enchendo os datos do formulario «Comunicación de persoal vulnerable» que se atopa na Secretaría Virtual > Formularios e enquisas > Privadas > Comunicación de persoal vulnerable, ou premendo no [enlace](#) .
- 2.2. O Servizo de Prevención da Universidade de Vigo porao en coñecemento da Área de Vixilancia da Saúde.
- 2.3. O persoal sanitario da Área de Vixilancia da Saúde porase en contacto coa persoa traballadora para solicitarlle os informes médicos necesarios para valorar o seu estado e determinar se é necesaria a adopción de medidas adicionais.
- 2.4. Seguindo as indicacións establecidas no «ANEXO IV. GUÍA DE ACTUACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA VULNERABILIDAD Y EL RIESGO EN ÁMBITOS NO SANITARIOS O SOCIOSANITARIOS» do Ministerio de Sanidad os posibles criterios de actuación son:
 - 2.4.1. Persoal sen vacinar:
 - 2.4.1.1. Criterio 1: Atendendo ás características do posto de traballo e as medidas preventivas implantadas non se precisa ningunha adaptación. A persoa pode permanecer na súa actividade laboral habitual.

- 2.4.1.2. Criterio 2: Atendendo ás características do seu posto de traballo e as medidas preventivas implantadas a persoa pode permanecer na súa actividade laboral habitual elevando o nivel de protección coas medidas de protección colectiva ou individual que procedan.
- 2.4.1.3. Criterio 3: Considérase un traballador/a con alto nivel de vulnerabilidade. Sempre que sexa posible manterase a esta persoa en situación de traballo non presencial.
- 2.4.2. Persoal con pauta de vacinación completa:
Todos os grupos vulnerables con pauta de vacinación completa poden realizar a súa actividade laboral habitual, incluído traballo presencial, agás o persoal en situación de inmunodeficiencia ou tratamento activo de cancro. Estes últimos continuarán con traballo non presencial.
- 2.5. O médico da Área de Vixilancia da Saúde emitirá un informe, segundo os criterios que se relacionan no punto 2.4, onde se indicará o resultado da avaliación da vulnerabilidade que corresponda, e de ser o caso, as medidas ou adaptacións que a Universidade deberá realizar para que a persoa afectada poida seguir desempeñando o seu traballo, así como as recomendacións individuais que debe seguir a persoa traballadora.
- 2.6. Recibido o informe do Médico Especialista de Medicina do Traballo no Servizo de Prevención de Riscos, este remitirá informe técnico á Xerencia para a súa resolución.
- 2.7. No suposto no que o responsable do traballador/a considere que non é posible realizar a adaptación do posto de traballo indicada na resolución, comunicará dita situación á Xerencia, achegando un informe xustificativo da imposibilidade de proceder á adaptación do posto de traballo. A Xerencia, unha vez recibido dito informe, comunicará ao Servizo de Prevención para que realice os trámites necesarios.

Na xestión e tramitación desta solicitude, observarase o máis absoluto sigilo e confidencialidade.

¹Defínese persoa inmunodeprimida a:

Paciente con **inmunodeficiencia primaria conxénita**: inmunodeficiencias conxénitas humorais, celulares, combinadas e defectos de inmunidade innata; defectos do sistema do complemento.

Paciente con **inmunodeficiencia secundaria ou adquirida**:

-Tratamento con inmunosupresores; transplante proxenitores hematopoéticos; tratamento con eculizumab; infección polo virus de inmunodeficiencia humana; asplenia anatómica ou funcional; cancro/hemopatías malignas; transplante de órgano sólido.

-Paciente con enfermidade crónica que pode afectar á resposta inmune (diabético de longa evolución mal control, hepatopatía ou alcoholismo crónico, enfermo renal crónico...). Este punto deberá individualizarse de acordo á historia clínica do paciente.